

Testamento do galo de la parroquia de Artes (Sta. Uxía de Ribeira-CO). Ca. 1928

Recogido por el colectivo *A Murga*.

Texto en: COCHO de JUAN, Federico, *O Carnaval en Galicia*, Xerais, Col. Universitaria, Vigo, 1990, pp. 292-293.

*Galiñas, miñas amigas
a que eu acompañei.
Véxome tan atribulado
nesta miña despedida,
que ó deixamos neste auto
de certo me costa a vida.*

*Vou a face-lo testamento,
e todo moi ben nombrado,
pero vai a ser de palabra
porque aquí non hai escribano.*

*Voulle a deixa-la cresta
porque é moi vermella,
para que o gato máis galopín
se farte con ela.*

*Tamén lle deixo a gorxa
ós galos meus compañeiros,
para que canten de noite
encima dos seus poleiros.*

*Tamén lle deixo o papo,
porque é moi saladeiro,
para que o rico que haxa
garde alí o diñeiro.*

*Tamén lle deixo as plumas do lombo,
que son de varios colores,
para que as mozas solteiras
lle den ós seus amores.*

*Tamén lle deixo as do rabo,
que son moi brillantes,
para que as mozas coquetonas
lle dean ós seus amantes.*

*Tamén lle deixo as pernas,
que son moi amarelas,
para que miles de cans
se farten delas.*

*Tamén lle deixo as uñas
para as mulleres viudas
se é que, de noite na cama,
lle é que lle piquen as pulgas.*